

# IDEAS PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS 2 XUÑO 2024

## **CORPUS: Pola graza do Espírito Santo Os sentidos encontran a Xesús**

### **1. VER: Contemplar a Xesús**

- Como nos gustaría vivir en tempos de Xesús para atoparnos con El, pasar un tempinho con El, contarlle o que nos preocupa, pedirlle consello sobre os interrogantes que temos... Poderemos escoitar a Xesús hoxe, velo, alimentarnos del.

*Onde encontrar a Xesús hoxe?*

### **2. XULGAR: Polo Espírito os sentidos encontran a Xesús**

- No evanxeo de hoxe, día do Corpus Christi, **cóntasenos o que pasou na Derradeira Cea**, o Xoves Santo: Xesús tomou o pan, e o viño, pronunciou a bendición, partiuno e deullo, dicindo: ***“Tomade, isto é o meu corpo... Tomade este é o meu sangue”***. Logo lembroulles: ***“facede isto en memoria miña”***.

### **QUE NOS QUERE DICIR?**

- Este domingo de Corpus celebramos o gran agasallo que nos deixou Xesús antes de irse, quedou connosco na Eucaristía. Por

que? Quere acompañarnos, ser o noso alimento, fortalecernos. Vexamos o debuxo de Fano.

- Xesús, na Eucaristía, entrégasenos, partido e repartido; e **todos os nosos sentidos ábrense á acollida** daquel que se entrega por Amor. Na eucaristía os nosos ollos contémplo, as nosas mans tócan, a nosa boca saboréao, o noso nariz ule, os nosos oídos escoitan a súa Palabra... Todo isto prodúcese porque o **Espírito Santo**, polas palabras do Sacerdote *“Tomade, isto é o meu corpo”*, fai o milagre de transformar o pan e o viño no Corpo e o Sangue de Xesús.
- Na Eucaristía, ante ese Xesús que se nos dá e reparte, **xérase en nós a dinámica do compartir**. Damos porque recibimos. Damos porque acollemos o misterio do Amor e queremos amar. A mellor maneira de amar é compartir: compartir o pan, o tempo, a escoita, o silencio, a alegría... **No altar de AMOR** (Eucaristía), Xesús revolúcionanos para ser corpos “eucarísticos” que se entregan e se comparten. Descubramos o seu rostro nos pobres, que son sacramento do encontro con Xesús, a súa verdadeira custodia e deixemos interpelar por eles neste día de Cáritas.

***Que é a eucaristía?  
A que nos compromete?***

### **3.ACTUAR: Deus, compañía permanente.**

- Cada domingo visita a Xesús na eucaristía, acollédeo no corazón para dar e compartir. Informádevos e xuntade un diñeiriño para Cáritas para os que están sen alimento. Pedide ao catequista que vos explique: *“o sacramento do altar e o sacramento do irmán (pobre) constitúen dous aspectos do mesmo misterio”* (X. Crisóstomo)

***- Que lles diríades aos nenos  
que fan estes días a 1ª comunión?  
Que estás disposto a facer?***

# LECTURAS

**ÉXODO 24,3-8:** *Este é a sangue da alianza que o Señor concertou convosco.*

Naqueles días, Moisés baixou e contou ao pobo todas as palabras do Señor e todos os seus decretos; e o pobo contestou con voz unánime: «*Cumpriremos todas as palabras que dixo o Señor*». Moisés escribiu todas as palabras do Señor. Levantouse cedo e edificou un altar na saia do monte, e doce estelas, polas doce tribos de Israel.

E mandou a algúns mozos dos fillos de Israel ofrecer ao Señor holocaustos e inmolar xatos como sacrificios de comunión. Tomou Moisés a metade do sangue e púxoo en vasillas, e a outra metade derramouna sobre o altar. Despois tomou o documento da alianza e leullo en voz alta ao pobo, o cal respondeu: «*Faremos todo o que dixo o Señor e obedecerémoslle*».

Entón Moisés tomou o sangue e asperxeu o pobo, dicindo: «***Este é o sangue da alianza que o Señor concertou convosco, de acordo con todas estas palabras***». Palabra do Señor.

## **SALMO 115:**

Alzarei a copa da salvación, invocando o nome do Señor.

**HEBREOS 9, 11-15:** *O sangue de Cristo poderá purificar a nosa conciencia.*

**MARCOS 14, 12-16. 22-26: *Isto é o meu corpo. Este é o meu sangue.***

**Narrador:** O primeiro día dos Ácidos, cando se sacrificaba o año pascual, dixéronlle a Xesús os seus discípulos:

**Discípulos:** -«*Onde queres que vaíamos prepararche a cea de Pascua?*».

**Narrador:** El enviou a dous discípulos dicíndolles:

**Xesús:** «*Ide á cidade, sairavos ao paso un home que leva un cántaro de auga; seguídeo, e na casa onde entre, dicídelle ao dono: “O Mestre pregunta: Cal é a habitación onde vou comer a Pascua cos meus discípulos?”.* Ensinaravos unha habitación grande no piso de arriba, acondicionada e disposta. Preparádenola alí».

**Narrador:** Os discípulos marcharon, chegaron á cidade, atoparon o que lles dixera e prepararon a Pascua. Mentres comían, tomou pan e, pronunciando a bendición, **partiuno e deullo dicindo:**

**Xesús:** -«***Tomade, isto é o meu corpo***».

**Narrador:** Despois tomou o cáliz, pronunciou a acción de grazas, deullo e todos beberon. E díxolles:

**Xesús:** -«***Este é o meu sangue*** da alianza, que é derramada por moitos. Con toda a verdade vos digo que non voverei beber do froito da vide ata o día que beba o viño novo no reino de Deus».

**Narrador:** Despois de cantar o himno, saíron para o monte das Oliveiras.

*Palabra do Señor.*

**(Narrador-Discípulos-Xesús)**